



Escusas de malos pagadores

Finalmente, a mobilización de onte en apoio dos compañeir@s de ElectroRayma suspendeuse. O seu comité circulo un comunicado explicando que "hai aberta unha mesa de negociación entre Navantia e ElectroRayma na que agardamos que se dea solución ó noso problema".

Pero na decisión de cancelala seguro que tamén influíu que a maioría sindical do comité de Navantia (CCOO-MAS; de UGT non sabemos nada, pois marcharon da reunión antes de que rematase sen abrir a boca) se negou a convocar unha asemblea xeral para aprobar un paro da factoría.

Xa a semana pasada custou que a convocasen. Agora usaron como escusa para non facelo que o comité de ElectroRayma lles "faltara ó respecto", e por duplicado:

- 1) Polo piquete nas portas do mércores.
- 2) Por enviarlle este correo ó comité: "vos solicitamos se o vedes oportuno que convoquedes unha asemblea xeral para decidir o apoio á nosa mobilización, para que poidan estar tódolos traballadores cubertos para poder participar".

O motivo real da negativa é que aceptan a subcontratación e todo o que implica, como demostran **cada vez** que os traballador@s da IA queren loitar. Durante a folga indefinida de outubro de 2017, CCOO, MAS e UGT chegaron incluso a actuar de **rompefolgas** ó servizo de Navantia e a patronal de compañías.

A maioría sindical do comité de Navantia esixe **submisión e obediencia** ós compañeir@s da IA, e lles ofrece **pacencia e resignación**.

O ano que vén é o 50º aniversario do 10 de Marzo. Aquelas loitas estiveron na base das grandes conquistas dos traballadores da Bazán, tamén os da IA.

A maioría sindical non só esqueceu esas leccións, senón que contribúe activamente a eliminar os dereitos conquistados, como vimos no último convenio.

Esas leccións teñen que ser lembradas e transmitidas ás novas xeracións. A principal é que **cando os traballadores non actuamos colectivamente, senón individual ou corporativamente, ó final todos saímos perdendo**.

É necesario que os traballador@s con conciencia nos organicemos xuntos para levantar un **sindicalismo combativo, de clase e asembleario** que teña como bandeira a **SOLIDARIEDADE E A UNIÓN ENTRE TRABALLADOR@S**.

Imaxe e fume

Nun correo que chegou a traballador@s, o novo xefe da Sala Técnica está preocupado pola "**imaxe** externa" do edificio, debido á cantidade de persoas que toman café ou fuman no exterior. Engade que a maioría son xente nova acabada de incorporar ou en período de probas "que deberían estar facendo un esforzo extra (...) incluso en causar boa impresión na organización en vistas ó seu futuro laboral". Remata dicindo que non se debe dar pé a interpretacións do tipo "en Enxeñería non se traballa" e que a xente nova debe entender "a súa implicación na empresa, incluído o aspecto da **imaxe**".

A **imaxe**, esta parece a única preocupación da dirección. Todo son **caralladas**: vídeos de autobombo, as aventuras de Walker, concursos para gañar entradas de cine, receitas de cociña..., **fume e máis fume**. Moita xente está **farta**. Parece que a dirección quere **infantilizarnos**, para así manipularnos mellor. Por non falar do pastón que custa.

Mentres, vemos como a situación de Navantia é cada vez máis **desastrosa**, produto dos plans de prexubilacións dos últimos vinte anos, que provocaron unha gran perda de coñecemento.

O que determinará a opinión sobre Enxeñería ou calquera outro departamento será a **calidade** do seu traballo. Para lograla, axudaría moito máis que Navantia cumpra o compromiso de facer fixos ó ano os novos ingresos, que as ameazas veladas sobre o seu futuro laboral. Tamén que os responsables, ademais de ser "bos xestores", tivesen autoridade profesional ante os seus subordinados, cousa que nalgúns casos non ocorre. E axudaría moito máis que Navantia contratase directamente os profesionais que necesita e poña fin a unha subcontratación masiva que, 22 anos despois do seu inicio co plan de 1999, está máis que demostrado que crea **PROBLEMAS** e é un **FRACASO TOTAL**.

A principal responsable desta situación é a dirección. ¿Ou non sabemos todos que ten subcontratado choios e deixado os traballadores da principal man sobre man durante meses e meses? Poñerlle fin a esta situación é unha tarefa dos traballadores, uníndonos **principal e compañías** porque temos **os mesmos intereses de clase**.

